



NORMAS DE ACCESO E USO DO CENTRO DE EMPRENDAMENTO DE OUTES (CEO)

I. DO OBXECTO DO CEO

1. O Centro de Emprendemento do Concello de Outes é un espazo deseñado coa finalidade de desenvolver accións de apoio, formación e dinamización para persoas emprendedoras. As instalacións do CEO contan con:
 - 6 postos individuais con conexión wifi
 - Sala de reunións
 - Servizo de impresora e fotocopiadora
 - Servizo permanente de asesoramento e titorización de proxectos

A Sede física do CEO é a edificación municipal situada na rúa da Capela nº 13, 15230 Serra de Outes.

2. O CEO está deseñado como unha base de apoio e lanzadeira de ideas empresariais innovadoras ou empresas recentemente creadas, co obxectivo de que acaden un nivel de madurez que favoreza a súa estabilidade e de que con iso contribúan ao desenvolvemento económico e a creación de emprego do noso municipio.
3. O CEO facilítalles ás persoas emprendedoras o uso temporal das instalacións cuns servizos comúns que permiten satisfacer ás necesidades básicas nos primeiros pasos da andaina empresarial, co fin de contribuír á súa viabilidade e consolidación.
4. Os obxectivos concretos que persigue a iniciativa municipal do CEO son:
 - Promover o nacemento, arrancada e consolidación de novas iniciativas empresariais.
 - Favorecer a xeración de emprego e do autoemprego.
 - Promover a innovación, novas tecnoloxías e sectores emerxentes.
 - Contribuír á dinamización económica do municipio.
 - Crear un espazo no que se poidan compartir proxectos e experiencias.

II. DO ACCESO AO CEO

5. Os requisitos para acceder ao uso das instalacións do CEO son:
 - Ser titular dunha empresa constituída e con sede fiscal no municipio de Outes que teña unha antigüidade non superior aos 3 anos.
 - Ou ser un profesional independente con sede fiscal en Outes e con necesidades temporais de acceso aos servizos do CEO.



6. O baremo de criterios para acceder ao CEO é o seguinte:
 - Iniciativa empresarial de nova creación ou cunha antigüidade inferior a 1 ano: 3 puntos
 - Iniciativa empresarial cunha antigüidade de 1 a 2 anos: 2 puntos.
 - Iniciativa empresarial cunha antigüidade de 2 a 3 anos: 1 punto.
 - Proxecto empresarial relacionado coas novas tecnoloxías: 1 punto.
7. Tramitación das solicitudes. As solicitudes para o acceso ao CEO presentaranse na sede electrónica ou no rexistro do Concello de Outes, á que se achegara a seguinte documentación:
 - Fotocopia D.N.I.
 - Descrición do Proxecto ou Plan de Empresa
 - Currículum Vitae.
 - Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social.
 - Modelos 036/037 onde conste a data de alta da actividade.
8. A comisión avaliadora das solicitudes estará constituída por Manuel González López, Irene Espasandín Bermúdez e Carlos Rodríguez Navarrete.
9. A primeira reunión da comisión avaliadora terá lugar non máis tarde do 15 de Decembro de 2021.
10. O dereito de uso das instalacións do CEO ten unha vixencia máxima por un período de 2 anos, prorrogable por dous períodos de 6 meses.

III. DO FUNCIONAMENTO INTERNO DO CEO

11. O horario de apertura e funcionamento. O CEO estará aberto e dispoñible todos os días do ano sen restricións de horario. En calquera caso as persoas usuarias, en coordinación cos servizos municipais, deberán delimitar un horario determinado que permita optimizar o aproveitamento das instalacións e compatibilizar a concorrencia doutras iniciativas. Así mesmo para aquelas persoas que vaian a facer un uso puntual do servizo deberán de coordinarse coa Axencia de Desenvolvemento Local do Concello para o acceso ao CEO.
12. Normas orientadoras de conduta nas instalacións do CEO
 - Amabilidade e respecto nas relacións co resto das persoas usuarias.
 - Respectar o espazo, e mantelo limpo e en boas condicións para que poida ser usado cando se deixa libre.
 - Non deixar obxectos persoais nas zonas comúns nin no teu posto de traballo cando se remate o período de uso.
 - Ter en conta que se trata dun espazo de traballo aberto e compartido, no que é preciso compatibilizar persoas e actividades.
 - Utilizar racionalmente as instalacións e servizos, con suxeición á normativa legal aplicable a cada un deles.

13. Sostibilidade:

- Un dos valores esenciais do coworking é a sostibilidade polo que cómpre aforrar no uso dos medios e das enerxías.
- Apagar as luces das salas e despachos cando non están sendo utilizados.
- Apagar ou suspender a actividade dos equipos, pantallas e dispositivos, cando non os estean sendo utilizados.
- Pechar as portas dos cuartos e entrada para manter a temperatura nos diversos espazos.
- Reducir o consumo de papel, e restrinxir o uso dos soportes dixitais ou electrónicos ao rigorosamente necesario.
- Reciclar o papel parcialmente utilizado.

14. O incumprimento das normas de uso das instalacións supoñerá a derrogación da autorización para o uso do CEO.